

DECRETO.-

Examinado expediente seguido para a aprobación dunha subvención para o fomento do consumo e dinamización do comercio local polo miúdo , turismo e outros servizos.

Vistos informes que obran no expediente e singularmente o de reparos da Intervención municipal e do Servizo correspondente para resolución das discrepancias.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle confire o artigo 21 da vixente Lei 7/1985, de 3 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e demais de pertinente aplicación,

RESOLVE:

1º.- Salvar os reparos formulados pola Intervención por estimar necesario e imprescindible á vez que urxente e inaprazable por razóns de interese público aprobar a subvención de cara o fomento do consumo así como considerar que a finalidade desta subvención ten coma obxecto fomentar o consumo así como a dinamización socioeconómica no termo municipal competencia do concello.

2º.- Proceder a aprobación das bases reguladoras das pancha, moeda local de Ribadeo.

3º.- Remitir á do presente acordo seguindo o procedemento establecido no artigo 20.8 da LXS a través do envío da información necesaria , contida no artigo 23 da LXS da Base de Datos Nacional de Subvencións.

BASES REGULADORAS PANCHA, MOEDA LOCAL DE RIBADEO . SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO AO CONSUMO E DINAMIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL POLO MÍUDO, TURISMO E OUTROS SERVIZOS

A organización mundial da saúde declarou o pasado 11 de marzo a pandemia internacional ocasionada pola Covid-19 . O impacto da pandemia a nivel global requeriu medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a novo contexto.

Esta crise sanitaria provocada polo brote da COVID -19, se está transmitindo á economía e a sociedade porque ademais de afectar á actividade produtiva trasladase á demanda e ao benestar da cidadanía. E por elo que precisamos ter coma prioridade absoluta en materia económica protexer, preservar e dar soporte ao tecido produtivo e social de cara a minimizar o impacto e lograr , que unha vez recuperada minimamente a actividade se produza o antes posible un rebote na actividade.

Por elo o concello de Ribadeo quere establecer unha serie de medidas para dinamizar a economía local con especial incidencia no subsectores de comercio e hostaleira na que se encadra A pancha , a nosa moeda Local co obxecto de estimular o consumo no establecementos polo miúdo do sector comercial, hostaleira e outros servizos a través desta moeda local.

Para conseguir estes obxectivos, se poñerá en marcha unha axuda económica a través do programa de **A pancha, a nosa moeda local** cunha dotación orzamentaria **de 150.000 euros** cuxa finalidade será dinamizar aos sectores máis afectados pola crise da Covid a través do fomento da demanda.

O programa de estímulo artellarase de xeito que as persoas consumidoras de produtos e bens dos establecementos adheridos poida obter cun valor económico subvencionado para poder ser aplicados nos sucesivos consumos de produtos e servizos nun período temporal concreto.



Este programa de estímulo inclúe a moeda local, A Pancha que se poderá obter principalmente a través dunha aplicación informática .

Para a xestión e canalización destas axudas contárase cunha entidade colaboradora ao abeiro do establecido no artigo 12 da Lei 38/2003, do 17 de novembro , xeral de subvencións e restantes disposición de xeral e de concordante aplicación.

En consecuencia, de acordo cos obxectivo sinalados e de conformidade coas competencias atribuídas a este concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (nomeamente en canto á promoción do turismo , mercados) e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro , xeral de subvencións (LXS) así como as normas de carácter regulamentario que a desenvolven (RD 887/2006, do 21 de xullo) e da Ordenanza Xeral deste concello, convócase para o exercicio 2021 as axudas derivadas do programa Pancha, a nosa moeda local e axústanse , en todo caso, aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación e de acordo coas seguintes CLÁUSULAS:

Artigo 1. -Finalidade

O programa “A Pancha, a nosa moeda local” ten coma a finalidade a reactivación económica e social dos sectores máis afectados pola crise da Covid19 apoiando a dinamización económico do pequeno comercio , hostalería e certos servizos principalmente a través do estímulo e fomento da demanda.

Os obxectivos específicos deste programa se concretan en:

- 1.- Propiciar o fortalecemento das persoas empresariais autónomas e as micropemes pequenas do sector comercial, hostaleiro, restauración e servizos recollidos nas presentes bases.
- 2.- Favorecer tanto a cidadanía como ao tecido empresarial sobre a que se basea a economía da nosa localidade, estimulando a demanda.
- 3.- Dinamizar a actividade comercial promovendo a súa repercusión no eido local.
- 4.- Mellorar o fondo de manobra dos establecementos comerciais
- 5.- Paliar o efecto económico derivado do cese temporal da actividade de determinadas empresas como consecuencia da declaración do Estado de alarma a raíz da pandemia da Covid-19.

Artigo 2.- Obxecto

As presentes bases teñen coma obxecto aprobar a III edición do programa A Pancha, a nosa moeda local, para o fomento do consumo de bens en establecementos de Ribadeo que sexan persoas empresariais autónomas , micropemes , e pequenas empresas de Ribadeo.

Para estimular á demanda de produtos e servizos, o concello de Ribadeo a través da A Pancha (PCH) o Concello de Ribadeo subvencionará a compra ou o consumo de bens, produtos e servizos ofrecidos polos establecementos adheridos a esta campaña por parte das persoas maiores de 18 anos , de forma que cada persoa poderá obter como máximo unha subvención de 70 euros por campaña, seguindo as seguintes características:

- a) As persoas usuarias deberán comprar como mínimo panchas por valor de 30 euros polo que obterán un total de 40 panchas, as cales terán un valor nominal de 40 euros. Hai que ter en conta que 1€ = 1 Pancha (PCH).



b) As persoas usuarias poderán cambiar un máximo de 210 € polo que obterán un valor de compra de 280 PCH. As diferentes fraccións que se poderán adquirir serán:

Por 30€ obterá 40 Pch

Por 60€ obterá 80 Pch

Por 90€ obterá 110 Pch

Por 120€ obterá 160 Pch

Por 150€ obterá 200 Pch

Por 180€ obterá 240 PCH

Por 210 € obterá 280 PCH

As panchas poderá ser trocadas posteriormente en compras e consumo de produtos, bens e servizos, nos establecementos adheridos ata o seu esgotamento. **Asemade os establecementos poderán aceptar como máximo 80 panchas por compra.**

A concesión das subvencións ás que se refire esta convocatoria realizarase de forma continua, ata esgotar o orzamento previsto, segundo a orde de recepción das solicitudes e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Artigo 3.- Recursos Económicos

1. A dotación económica deste programa para o exercicio 2021 é de 150.000 euros ,gasto imputable á aplicación orzamentaria 431.48900 do Orzamento municipal en vigor.
2. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento xeral de subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), no caso de que este crédito fose incrementado como consecuencia dunha modificación orzamentaria, como consecuencia dunha xeración, aplicación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de axudas sen necesidade dunha nova convocatoria. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito.

Artigo 4.- Entidade Colaboradora

1.- A xestión e distribución do valor nominal da pancha mediante o canxe da moeda e da comprobación das condicións e requisitos de cada operación de venda farase en colaboración coa entidade financeira de A Banca, que terá a condición de entidade colaboradora.

Artigo 5. -Persoas beneficiarias

Poderán ser persoas beneficiarias as persoas maiores de 18 anos con cidadanía ou permiso de residencia legal no estado español e que realicen as actuacións descritas no artigo 2. Para ser beneficiaria terán que tramitar a súas solicitudes conforme ao establecido nestas bases.

Artigo 6.- Contía

A subvención á que poderán acceder as persoas solicitantes será como máximo de 70 euros por campaña, isto é poderán cambiar como máximo 210 euros polo obterán terán 280 Pch que equivalen a un valor nominal de compra de 280 euros.



Artigo 7.- Actividade subvencionable

1.- Subvencionarase a compra de bens e servizos nos establecementos adheridos á campaña, a través da subvención dunha porcentaxe sobre o valor de compra.

- a) As persoas usuarias deberán comprar como mínimo panchas por valor de 30 euros polo que obterán un total de 40 panchas, as cales terán un valor nominal de 40 euros. Hai que ter en conta que 1€ = 1 Pancha (PCH). Sendo unha subvención do 33 por cento.
- b) As persoas usuarias poderán ir cambiando euros por panchas ata esgotar o orzamento , sempre nas fraccións que seguen:

Por 30€ obterá 40 Pch
Por 60€ obterá 80 Pch
Por 90€ obterá 110 Pch
Por 120€ obterá 160 Pch
Por 150€ obterá 200 Pch
Por 180€ obterá 240 Pch
Por 210 € obterá 280 Pch

Todas estas contías enténdense co IVE incluído.

- c) A campaña de cambio de panchas desenvólvese desde o **1 de setembro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021** ou ata alcanzar o máximo de panchas dispoñibles a venda, de producirse esta circunstancia con anterioridade á data indicada.
- d) Coa túa pancha poderás ir adquirindo bens, produtos e servizos dos establecementos adheridos á campaña independentemente do seu valor (sen límite mínimo) ata esgotar o teu moedeiro de panchas e ata data final da campaña.
- e) Non se poderán admitir o pago con panchas de bebidas alcohólicas segundo a definición do Regulamento (CE), nº 110/2008 e no regulamento de Execución (UE) nº 716/2013.
- f) Só poderán adquirir panchas as persoas maiores de 18 anos con D.N.I. ou N.I.E. en vigor.
- g) As panchas estará dispoñibles na web www.pancharibadeo.com para a súa descarga polo usuarios a partir do 1 de setembro de 2021 e terán unha validez de uso ata o 31 de decembro de 2021.
- h) O concello de Ribadeo poderá modificar as datas , límites de compra por razóns organizativas
- i) Non se admitirán cambios nin devolucions de panchas . No caso de que as panchas non sexan liquidadas polas persoas beneficiarias o importe total resultante quedará no poder do Concello de Ribadeo.

Artigo 8.- Natureza das axudas e procedemento de concesión

As axudas que se concedan no marco do presente programa terán a consideración de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva que subvencionará ao consumo de produtos , bens e servizos dos establecementos adheridos e serán a subvencións a fondo perdido non reintegrables.

As axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións de entidades públicas e privadas para idéntico fin.

O procedemento para a concesións das axudas reguladas nesta orde é de outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, ao abeiro do disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, atendendo á orde de solicitude ata o esgotamento do crédito previsto nestas bases.



Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de beneficiarios entre si, polo interese especial e universal en promover actuacións que fomenten o consumo nos establecementos adheridos , cumprindo cos requisitos establecidos nestas bases.

Artigo 9. – Órgano responsable da xestión das axudas

1.- O órgano responsable da xestión das subvencións será o Concello de Ribadeo, a quen lle corresponde desenvolver as actuacións de supervisión e control da correcta execución do programa.

2.- A realización das tarefas de xestión deste programa , así coma a distribución periódicas das moedas subvencionables se realizarán a través dunha entidade colaboradora.

3.- A xestión dos fondos públicos asignadas a este programa realizarase dacordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante
- c) Eficiencia na asignación e emprego dos recursos públicos.

Artigo 10.- Presentación das solicitudes das Panchas

As persoas usuarias que desexen adquirir Panchas deberán ter en conta :

1. As solicitudes poderanse presentase desde o día 1 de setembro de ata o 31 de decembro ou esgotamento do crédito. Poderán irse solicitando en fracción de 30 euros ata ou máximo de 210 euros ata esgotar o crédito e número de veces que desexen (máximo 6 veces) para elo deberán empregar o usuario e claves do rexistro na web.

2. Para a solicitude e obtención das panchas , cada persoa deberá rexistrase na web www.pancharibadeo.com , indicando a seguinte información :

- a) Nome e apelidos
- b) código postal
- d) DNI o NIE
- e) Número de teléfono móbil
- f) correo electrónico

3. O uso da paxina web e a descarga dos bonos suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deste datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informados.

3. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente a veracidade dos datos indicados. O Concello de Ribadeo poderá solicitar, en calquera momento, os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.



4. As persoas usuarias deberán declarar responsablemente que están ao corrente do cumprimento das obrigas con Facenda Pública do Estado e da Administración Autonómica, así como coa Seguridade Social.

5. Opcionalmente, a persoas consumidoras poderán solicitar presencialmente ao Concello de Ribadeo, no departamento de Desenvolvemento Local no horario así establecido a obtención das panchas en formato papel.

A persoa interesada, ou a súa persoa representante, poderá autorizar responsablemente ás persoas empregadas para a solicitude e obtención das panchas en formato papel. Neste suposto deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, o mediante declaración responsable en comparecencia da persoa interesada ante a persoa empregada da administración local de Ribadeo.

Artigo 11.- Instrución e resolución de concesión

Solicitada a compra de pancha da forma establecida nestas bases, a axuda entenderase pre-concedida.

A resolución de concesión das axudas publicárase na paxina web do Concello de Ribadeo, con indicación das persoas beneficiaria e importe das axudas concedidas.

Artigo 12.- Xustificación da subvención e pago de subvencións

En atención ao previsto no artigo 28.9 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia toda vez que a concesión da subvención está motivada pola concorrencia no solicitante beneficiario/a da circunstancia acreditada de ser maior de 18 anos con cidadanía ou permiso de residencia no Estado Español non se requirira outra xustificación que a comprobación da situación que motiva a concesión da subvención, isto sen prexuízo dos controis que establezan para controlar a aplicación do gasto segundo o procedemento descrito. **Asemade a persoa beneficiaria deberá gardar o tícket ou factura da compra subvencionada correspondente durante alomenos 4 anos.**

A intervención do Concello de Ribadeo poderá esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios, que, motivadamente se consideren oportuna para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a intervención do Concello de Ribadeo poderá realizar funcións de inspección e control financeiro de conformidade co establecido na lei 9/2007.

Artigo 13.- Requisitos de adhesión e alta dos establecementos colaboradores

Requisitos :

1. Poderán adherirse ao programa de a Pancha as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos físicos permanentes situados en Ribadeo que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que teñan por obxecto preferente da súa actividade o da venda as persoas consumidoras de produtos, bens ou servizos con establecementos nalgún dos epígrafes do I.A.E. recollidos no Anexo I destas bases.

b) Ser persoas empresarias autónomas, micropemes ou pequenas empresas, de conformidade co sinalado polos artigos 2.2 e 2.3 do Anexo I do regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 11 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en ampliación 107 e 108 do Tratado, así como a definición contida no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para micropemes.



Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous últimos exercicios consecutivos pechados reúnan , polo menos dúas das seguintes circunstancias:

- Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros
- Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.
- Que o número medio de persoas traballadoras empregadas durante o exercicio non sexa superior a dez.

c) Encontrarse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado e da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social así como o concello de Ribadeo.

Procedemento para a alta dos establecemento que desexen adherirse ao programa:

2.- Aqueles establecementos que desexen adherirse a este programa deberán formalizar o correspondente formulario de adhesión na paxina web que se habilitará para este programa no seguinte enderezo: www.pancharibadeo.com e indicando a seguinte información:

Razón social / nome e apelidos

Nome comercial

Domicilio fiscal en Galicia.

NIF/CIF.

Nome, apelidos e DNI do representante.

Enderezo do establecemento comercial. C.P. Provincia. Concello. Localidade

▪ Número de teléfono móbil.

▪ Correo electrónico.

IAE principal (incluído no anexo I)

Data de alta da actividade principal.

IBAN da conta bancaria.

Páxina web do establecemento comercial.

3.- O prazo para que os establecementos podan adherirse a este programa comezará , como sistema de concorrencia non competitiva, **desde o día 12 de agosto ata o 27 de agosto de 2021, ambos os dous incluídos.**

4. A alta e o uso da aplicación polos comerciantes suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme o Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da cal serán informados convenientemente.



5. Os establecementos interesados deberán asinar dixitalmente a declaración responsable, manifestando o cumprimento das condicións establecidas e a veracidade dos datos indicados, sen prexuízo de cantas outras formalidades estean obrigados a cumprir. O concello de Ribadeo poderá comprobar ou, de ser o caso, solicitar en calquera momento os documentos acreditativos dos mencionados requisitos.

6. Non se admitirán nin terán en conta as solicitudes presentadas por establecementos que non cumpran coas anteriores condicións nin coa forma establecida nesta orde.

7. O nome comercial e localización dos establecementos adheridos ao programa de A pancha a nosa Moeda Local farase público na web www.pancharibadeo.com

A alta e uso da aplicación polos establecementos suporá a aceptación das condicións do seu uso e da política de privacidade conforme ao Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación deste datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e á Lei orgánica 3/2018, de 5 decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, da que serán informados.

Artigo 14.- Comprobación de datos dos establecementos

Poderán consultarse automaticamente os datos dos establecementos incluídos nos seguintes documentos (DNI, NIE, NIF , IAE) para elo os establecementos deberán autorizar o permiso para consultar estes datos.

Artigo 15.- Sistema de funcionamento da Pancha e xestión para o canxe

1.- A xestión do programa subvencional realizárase a través dunha plataforma tecnolóxica específica desde a cal realizaranse todos os trámites relacionados coa adhesión ao programa de subvencións, así como a formalización de toda a operativa de emisión, obtención, aplicación, canxe e compensación da moeda en termos especificados na presentes bases.

2.- A descarga da pancha pola persoa usuaria realizarase no móbil a través do rexistro da persoa interesada na web : www.pancharibadeo.com, e nese momento , entenderase preconcebida a axuda. O pancha terá formato dixital a través dun código QR e estará dispoñible para a súa utilización na APP Wallet ou similares.

3.- Para o emprego de A Pancha e poder facer efectivo os pagos coa Pancha , o establecemento terá que descargar no seu móbil a APP correspondente. Os establecementos adheridos á campaña disporán dun usuario e contrasinal personalizados para acceder a esta plataforma unha vez se dean de alta.

4.- O establecemento poderá aceptar un pago máximo con panchas de 80 euros por compra, se a compravenda ten unha contía maior terá que ser cobrado con euros.

5.- No momento da compravenda o establecemento terá que introducir na APP o importe total da compra e concepto de venda,. Pola súa banda , a persoa usuaria deberá mostrar a pancha en formato código QR e pagar, en efectivo ou con tarxeta , o importe final da compra realizada sempre e cando o importe en panchas non sexa suficiente.

6.- A moeda local non é canxeable por diñeiro en efectivo e non se devolverá o importe das mesmas en ningún caso. De producirse unha devolución dun produto mercado con moeda local, o establecemento emitirá un vale polo importe íntegro da compra ou ser trocado por outra compra ou gasto de prezo igual ou superior, asumindo nese caso a persoa usuaria diferenza.



8.- Os establecementos adheridos a este programa poderán seguir na plataforma para posibles futuras accións se así o reflicten explicitamente no momento da adhesión en aplicación da Lei de protección de datos.

9. O importe total das panchas cambiadas que finalmente non sexan liquidadas/gastadas polas persoas beneficiarias non serán devoltas a estas e quedarán en poder do Concello de Ribadeo.

Artigo 16.- Obrigas dos establecementos adheridos

Os establecementos adheridos ao programa a través da subscripción da solicitude de adhesión, adquirirán as seguintes obrigacións:

- a) Aceptar a moeda pancha como modo de pago nas seguintes condicións:
- b) Publicitar no exterior dos establecementos a situación de adhesión ao programa mediante a recepción e colocación dos correspondentes materiais publicitarios nun lugar visible e informar de xeito gratuito as persoas beneficiarias.
- c) Dispor de teléfono móbil coa aplicación do programa descargada e dada de alta na aplicación e dispor de lector QR nel.
- d) Relacionarse coa entidade colaboradora para verificar o funcionamento da aplicación e os consumos coa súa correspondente xustificación documental co fin de recibir as liquidacións correspondentes.
- e) No devolver as persoas compradoras diñeiro en metálico en ningún caso.
- f) **Conservar durante 4 anos todos os tickets de compra ou facturas xustificativas da aplicación das panchas** segundo o Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, en tanto podan ser obxecto de comprobación e control por parte desta Administración Local.
- g) Custodiar con dilixencia as claves de acceso á Plataforma co fin de evitar que poidan ser empregadas indebidamente, comprometéndoos a non facilitalas a outras persoas.
- h) Someterse ás actuacións de comprobación e vixilancia necesarias por parte do Concello de Ribadeo para verificar o adecuado funcionamento e xestións das panchas e do programa xeral.
- i) A través da plataforma tecnolóxica do programa, os establecementos terán a súa disposición a información necesaria e poderán consultar o histórico das vendas, as panchas trocadas, os aboamentos feitos pola entidade colaboradora e sos demais detalles de cada operación.
- j) Os establecementos adheridos á campaña poderán como máximo recadar nas compras 3.000 euros da parte correspondente as subvencións concedidas as persoas beneficiarias.
- k) Non será aplicable o cambio de panchas para as compras en liñas.

Artigo 17.- Data de activación de A Pancha

As panchas estarán dispoñibles na web www.pancharibadeo.com para a súa descarga polos usuarios a partir do 1 de setembro e terán unha validez de 31 de decembro.

O concello poderá modificar as devanditas datas se por razóns de organizativas, sanitarias ou doutra índole así o aconsellan, dándose a oportuna publicidade.

Artigo 18.- Obrigas entidade colaboradora

1.- A entidade colaboradora que subscribe o convenio de colaboración comprométese a desenvolver as seguintes accións.

a) Entregar e distribuír as axudas do programa mediante a habilitación dunha plataforma tecnolóxica específica e das aplicacións informáticas máis adecuadas para a posta en marcha, a eficaz execución



e o seguimento do programa de tal forma que permita ter un seguimento , control e rastrexabilidade da pancha, da súa troca cos establecementos e do seu pagamento.

b) Ter operativas a plataforma e/ou aplicacións informáticas, habilitando o procedemento operativos antes da entrada en vigor da bases reguladoras do programa.

b) Utilizar a imaxe do programa definida polo Concello de Ribadeo

d) Pór a disposición do Concello de Ribadeo, os seguintes informes:

- Usuarios dados de alta no programa

- Establecementos dados de alta no programa.

- Número de panchas descargadas (nome e apelidos, dni/nie, localide, provincia)

c) Ser depositaria dos fondos transferidos e entregar e distribuir os fondos públicos entre os establecementos ao programa, sen ningún custo ou requisito adicional dos previstos no programa e con independencia de que sexan clientes/as da entidade, cunha periodicidade semanal. Estes fondos en ningún caso se considerarán integrantes do seu patrimonio.

d) Xestionar, controlar e supervisar o correcto destino dos fondos depositados na conta para o programa e, de ser o caso, coas instrucións específicas dadas polo Concello de Ribadeo.

e) Informar ao Concello de Ribadeo do saldo dispoñible das panchas unha vez alcanzada a súa data de caducidade , coa finalidade de realizar o reembolso dese saldo, se é o caso ao Concello de Ribadeo.

f) Comunicar ao Concello de Ribadeo, a través do correspondente ficheiro, ás operacións de liquidacións e transferencias de aboamento realizadas, cunha periodicidade semanal.

g) Reintegrar os fondos públicos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e , en todo caso, nos supostos regulados no artigo 33 da Lei de 9/2007 , do 13 de xuño , de subvencións de Galicia.

h) Cumprir, en materia de protección de datos, co regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos de persoais e á libre circulación deste datos coa lei orgánica 3/2018 , do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía do dereitos dixitais, e coas demais disposición vixentes sobre a materia.

Deberase manter a xestión das bases de datos do programa á marxe das bases de datos da clientela da entidade financeira, e non se poderá utilizar para ningún fin distinto da propia administración e xestión das panchas.

i)Dispoñer de libros e rexistros contables para facilitar a adecuada xustificación da subvención e a comprobación do cumprimento das condicións establecidas.

j) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro dos órganos competentes da Administración autonómica, estatal e comunitaria no exercicio das súas funcións.

2.- Ademais dos compromisos e obrigas indicados nas cláusulas anteriores Abanca asume as seguintes obrigas:



a) Todas as obrigas indicadas no artigo 15 da Lei Xeral de Subvencións, aceptando cantas comprobacións estime oportunas o Concello de Ribadeo , en relación ao desenvolvemento e execución das actuacións.

Artigo 19.- Información básica en materia de protección de datos persoais

A recollida dos datos persoais está encomendada á entidade financeira adxudicataria e ao Concello de Ribadeo terán a condición de responsable de tratamento.

Os datos serán tratados coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste programa.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión en interese público e o exercicio de poderes públicos en base a lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e o Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Serán obxecto de publicación os nomes comerciais dos establecementos adheridos ao programa na paxina web www.pancharibadeo.com

As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable , acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica ou presencialmente no Concello de Ribadeo. Así mesmo, poderán exercer os devanditos dereitos nos/as seguintes enderezo/s da entidade financeira colaboradora: Servizo de Atención ao Cliente de Abanca, rúa Nova, 1 , entreplanta, 15003 A Coruña ou a través do correo atencioncliente@abanca.com, e que poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos na política de privacidade da entidade publicada na web : <https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad/>.

Artigo 20 .- Instrumentación e instrución

O concello de Ribadeo, como responsable do programa, reserva para si o dereito de realizar a posteriori e de forma aleatoria cantas comprobacións, inspección e demais medidas de control xulgue oportunas para asegurar a correcta aplicación dos recursos públicos e para verificar o adecuado desenvolvemento e execución do programa de A Pancha.

Así mesmo, o presente programa queda suxeito ás actuacións de comprobación da Intervención municipal mediante control financeiro e auditorías e do Concello de Ribadeo ou do Consello de Contas , conforme á súa normativa.

No suposto de que se operase algún incumprimento das obrigas establecidas na presente convocatoria por parte dos establecementos adheridos, o concello de Ribadeo poderá cancelar a adhesión dalgún establecemento á campaña da pancha e comunicarlle tal circunstancia á entidade colaboradora , co fin de impedir o uso do pancha, canxe e pago das mesmas ou solicitará , no seu caso, no reintegro dos fondos percibidos.

Os establecementos adheridos a este programa están obrigados a facilitar canta información lle sexa requirida polo Concello de Ribadeo.

Artigo 21. - Publicidade das subvencións no portal de transparencia

A convocatoria publicárase no B.O.P de Lugo ” , logo da previa remisión á base de datos nacional de Subvencións (BDNS) co contido previsto no artigo 20 da LXS e normativa de desenvolvemento.



De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013. do 9 de decembro , de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ás axudas públicas concedidas ao abeiro deste programa publicaranse con indicación do seu importe e persoas beneficiaras no Portal de Transparencia do Concello de Ribadeo.

Artigo 22.- Información

Poderase obter información adicional a través da web : www.pancharibadeo.com

Artigo 23.- Seguimento e revisión da campaña

Durante a campaña , o Concello de Ribadeo estudará a implantación e evolución da campaña e poderá aumentar os límites por persoa e suxeito prestador, aumentar o crédito dispoñible ou mesmo introducir algunhas modificación no sistema para o bo fin do programa e acadar a finalidade de distribuír e consumir importe destinado a esta liña de subvencións.

Anexo I – Epígrafes

- **Detalles IAE.- Segundo a clasificación de epígrafes do IAE, poderán adherirse á campaña todos aqueles establecementos que estean dados de alta en algún dos seguintes epígrafes:*
- *1.64 - Comercio polo miúdo de produto alimenticios, bebidas e tabaco realizado en establecemento permanente (salvo epígrafe 647.4.- comercio polo miúdo de calquera clase de produtos alimentarios e bebidas en réxime de autoservicio ou mixto en supermercados, denominados así cando a superficie da súa sala de vendas sexa igual ou superior a 300 metro cadrados; e epígrafe 647.5.- Subministro de produtos alimenticios e bebidas, excluído o tabaco, a través de máquinas expendedoras).*
- *1.65 - Comercio polo miúdo de produtos industriais non alimenticios realizado en establecementos permanentes (salvo epígrafe 652.1 – Farmacias, comercio polo miúdo de medicamentos, produtos sanitarios e de hixiene persoal; epígrafe 655. - Combustibles, carburante e Lubricantes; e epígrafe 658- Compravenda de gando).*
- *1.662 Comercio mixto o integrado polo miúdo.*
- *1.971 - Lavanderías, Tinturerías e servizos similares.*
- *1.9721 - Servizos de perruqueira de señoras e cabaleiros e 1.9722 Salóns de institutos de beleza.*
- *1.9731 - Servizos fotográficos.*
- *1.963 – Exhibición de películas cinematográficas e vídeos*
- *1.975 - Servizos de enmárcacho.*
- *1.981.2- Xardíns de recreo nos que a entrada é por prezo.*
- *(A organización se reserva o dereito de poder modificar este detalle de IAE)*
- *671- Servizos en restaurantes*
- *672 – Servizos en cafeterías*
- *673- De cafés e bares, con e sen comida.*
- *676- Servizos en chocolaterías, xaderías e orchaterías*
- *677*

CATEGORÍA “TAXI”

- **• GRUPO 721.2 TRANSPORTE POR AUTOTAXIS**
- *A organización reservase o dereito de poder modificar este detalle de IAE*



Ribadeo, data da sinatura electrónica.

O ALCALDE

O SECRETARIO

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

